BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Mércores, 23 de decembro de 2020
Núm. 247

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CRECENTE

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS, COMUNICACIÓNS E OUTROS XEITOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa **POR LICENZAS URBANÍSTICAS, COMUNICACIÓNS E OUTROS XEITOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA** cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS, COMUNICACIÓNS E OUTROS XEITOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA

ARTIGO1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece a taxa pola realización de determinadas actividades urbanísticas, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

O feito impoñible da taxa vén constituído pola actividade municipal técnica e administrativa, que se refira, afecte ou beneficie de modo particular á persoa obrigada tributaria cando a mesma sexa motivada directa ou indirectamente polo mesmo, como consecuencia das actividades administrativas de carácter urbanístico que se detallan no artigo 5 da presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Terán a consideración de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo ou actividade municipal a que se refire a presente Ordenanza.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LEB9JPAJUVYD3RHA

Así mesmo, de conformidade co artigo 23.2.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento das licenzas urbanísticas previstas na normativa urbanística, os/as construtores/as e os/as contratistas das obras.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos considerararanse debedores principais os obrigados tributarios do artigo 35.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas á que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A base impoñible estará constituída pola actividade administrativa xerada con ocasión de:

— A tramitación de licenzas ou autorizacións urbanísticas e actividades de control en declaracións responsables e comunicacións previas.
— A tramitación de expedientes urbanísticos tendentes á conservación da edificación.
— A tramitación de expedientes urbanísticos de realización de obras en espazos públicos.
— As licenzas de actividades e instalacións e as derivadas das actividades de control mediante "declaración de responsable" e/ou comunicación previa
— A tramitación doutras actuacións urbanísticas.

a) A cantidade a liquidar e esixir, en concepto de cota tributaria, obterase por aplicación das seguintes tarifas;

Tipo	TARIFA
Epígrafe 1 Tarifas pola tramitación de licenzas ou autorizacións urbanísticas e actividades de control en declaracións responsables e comunicacións previas.	**3% BL**
Licenzas de parcelamento, declaracións de innecesariedad e agrupacións de leiras	24,20€
Obras	3% BL
Ocupación e utilización	39.50€
Legalización	3%BL
Actividades de comprobación	24,20
Epígrafe 2 Tarifas pola tramitación de expedientes urbanísticos tendentes á conservación da edificación.	**15€**
Ruína ordinaria e ruína inminente	229,95
Execución subsidiaria	229,95
Epígrafe 3 Tarifas urbanísticas pola tramitación de expedientes urbanísticos de realización de obras en espazos públicos	
Licenzas	179,25
Outras actuacións	179,25
Epígrafe 4 Outras actuacións urbanísticas.	
Documentación urbanística	12,95€
Informes a petición de interesado/a	16,25

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:LEB9JPAJUVYD3RHA

Cando se realizaron todos os trámites previstos na Normativa urbanística e a resolución recaída sexa denegatoria, así como no caso no que a persoa interesada desista da solicitude formulada antes de que se dicte a oportuna resolución, se complete a actividade municipal requirida ou se declare caducidade do procedemento, non se poderá esixir a taxa.

b) A cantidade a liquidar e esixir, en concepto de **cota tributaria,** obterase por aplicación das seguintes tarifas;

Tipo	TARIFA
Epígrafe 1B. Licenzas de actividade e instalcións e actividades de control derivadas de "declaración de responsable" ou "comunicación previa"	
Licenzas de actividade e instalacións	130,15
Actividades derivadas de declaración de responsable	24,10
Comunicación previa	24,10

ARTIGO 6. DEVENGO

A taxa devéngase cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade administrativa.

As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, acreditar ingreso do importe total da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda.

Será base liquidable (indicada no cadro como BL) do epígrafe 1, para o cálculo das cotas do artigo 5, o importe do orzamento presentado pola persoa interesada, que deberá estar suscrito polo técnico autor do proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do ICIO.

Entenderase producido o inicio da actividade desde o momento da presentación da solicitude ou desde a data en que se inicien de oficio as actuacións administrativas ou técnicas constitutivas do feito impoñible da presente taxa.

2. En obras de vivendas de promoción publica de titularidade do IGVS, o prazo de ingreso das taxas será dun mes contado dende a notificación da adxudicación do contrato de obras, e en todo caso, con anterioridade ao inicio das mesmas

ARTIGO 7. NORMAS de XESTIÓN

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación cando se realice a petición da persoa interesada, e una vez ingresada en calquera entidade bancaria autorizada acompañarase copia á solicitude da actividade administrativa de que se trate.

No caso de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración Municipal.

Cando os servizos municipais comproben que se realizou una construción ou obra ou se está exercitando calquera actividade sen obter a previa licenza preceptiva, considerarase o acto de comprobación como a iniciación do trámite desta última, con obligación do suxeito pasivo de abonar a taxa establecida, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda pola infracción urbanística cometida ou da adopción das medidas necesarias para o axeitado desenvolvemento das normas urbanísticas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:LEB9JPAJUVYD3RHA

ARTIGO 8. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, así como na Ordenanza Fiscal Xeneral aprobada por este Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto nesta ordenanza fiscal, serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral, na Lei 58/2003 xeral tributaria e restante normativa de aplicación

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data 17 de decembro do 2020 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo I. OBRAS

EDIFICACIÓN

1.01	m2 Soleira de formigón en masa	6,33 €
1.02	m2 Soleira de formigón armado	8,29 €
1.03	m2 Muro de mampostería	88,07 €
1.04	m2 Muro de perpiaño	116,57 €
1.05	m2 Reparación de xuntas de muro de mampostería	10,38 €
1.06	m2 Folla de bloques	10,21 €
1.07	m2 Limpeza de fachadas	7,62 €
1.08	m2 Limpeza de cuberta	9,71 €
1.09	m Canlón	12,23 €
1.10	m Baixante	12,23 €
1.11	m2 Cuberta inclinada de panéis sándwich illante	20,50 €
1.12	m2 Cuberta inclinada de tellas cerámicas	22,33 €
1.13	m2 Impemeabilización	13,02 €
1.14	m2 Ventá	48,51 €
1.15	ud Porta de madeira	77,86 €
1.16	m2 Morteiro monocapa	10,78 €
1.17	m2 Chapado de fachada con placas de pedra	40,23 €
1.18	m2 Enfoscado de cemento	6,86 €
1.19	m2 Guarnecido e enlucido de xeso	4,64 €
1.20	m2 Pintura plástica para exterior	3,62 €
1.21	m2 Pintura plástica para interior	2,55 €
1.22	m2 Azulexado	13,76 €
1.23	m2 Sollado de cemento	5,05 €
1.24	m2 Sollado de baldosas cerámicas	6,54 €
1.25	m2 Sollado de tarima de madeira	7,60 €
1.26	m2 Sollado de parquet	24,14 €
1.27	m Rodapé	2,35 €
1.28	m2 Falso teito	12,28 €
1.29	ud Prato de ducha	90,52 €
1.30	ud Inodoro	106,12 €
1.31	ud Bañera	125,40 €
1.32	ud Lavamanos	112,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LEB9JPAJUVYD3RHA

	PARCELA	
2.01	m2 Desbroce e limpeza de terreos con arbustos	1,66 €
	PECHES E MUROS DE CONTENCION	
3.01	m2 Valado de malla e postes	13,92 €
3.02	m2 Valado de bloques, revestido e pintado	31,71 €
3.03	ud Portón vehículos para vehículos	1.132,56 €
3.04	ud Porta cancela para peóns	446,42 €
3.05	ud Porta cancela en valado de parcela de malla metálica	96,10 €
3.06	m3 Muro de contención de mampostería	130,65 €
	ALPENDRES	
4.01	m2 Galpón, Alpendre ou similar	63,13 €

Anexo II. ACTIVIDADES

	ACTIVIDADES	
A.01	**FÁBRICAS**	**1.315,43 €**
A.02	**TALLERES**	**439,54 €**
A.03	**OUTROS ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS**	**475,50 €**
A.04	**ALMACÉNS**	**439,54 €**
A.05	**SUPERMERCADOS**	**675,35 €**
A.06	**COMERCIOS E TENDAS**	**219,77 €**
A.07	**OUTROS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS**	**275,25 €**
A.08	**BANCOS**	**1.092,19 €**
A.09	**HOTEIS E RESTAURANTES**	**879,08 €**
A.10	**CAFETERÍAS E BARES**	**439,54 €**
A.11	**OUTROS ESTABLECEMENTOS DO SECTOR SERVIZOS**	**275,25 €**
A.12	**SOCIEDADES DEPORTIVO-RECREATIVAS**	**659,31 €**
A.13	**LOCAIS SOCIAIS E SIMILARES**	**225,35 €**

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LEB9JPAJUVYD3RHA